

1. Cando imos polas portas
a falar de ti, Xehová,
ameazas e aldraxes
adoitamos escoitar.
Pero non nos van parar,
a ti acudimos, oh, Xehová,
pedirémosche o alento
para non deixar de falar.

(REFRÁN)

*Ousadía che pedimos
para o medo superar.
Dános forzas e coraxe
para as novas espallar.
Ata vir o Harmagedón
seguiremos ó teu carón.
Dános forzas e coraxe,
pregamos, Deus!*

2. Cando o medo nos invade,
ti escóitasnos, Señor,
e prometes axudarnos,
lembras ben que somos pó.
Ollarás con atención
as ofensivas contra nós.
Seguirás a darnos os folgos
para ir falar con valor.

(Refrán)